

Concello de Covelo

Dinamización, mostra e impulso de iniciativas do Concello de Covelo.

XUSTIFICACIÓN

Como explicamos ano tras ano o envellecemento da poboación e o descenso dos empadroamentos son un problema no rural e pola contra, nótase o regreso de xente nova en busca de novas oportunidades, do autoabastecemento e dunha mellor calidade de vida, intentando apostar pola agricultura, a gandería, a natureza e a artesanía como modos de vida.

Comezamos fai dous anos co programa de hortas ecolóxicas como iniciativa a longo prazo de dinamización comunitaria. Iniciativa coa que se procura que se utilicen recursos propios e que nos sirvan para aprender técnicas, aptitudes e actitudes, valores e habilidades necesarias para unha inserción tanto laboral como social. O programa de hortas ecolóxicas 2017 concluíu cun grupo de traballo sobre iniciativas de emprendemento no rural. Por falta de seguridade económica non xurxiu ningunha cooperativa ou empresa pero é un reto que intentamos conseguir, por iso seguimos co grupo de traballo de emprendemento rural en busca de ideas para desenvolver unha alternativa viable de autoemprego.

Os pequenos concellos rurais queremos apostar por apoiar modos de vida que aproveiten os nosos recursos e dinamizar o noso pobo para crear oportunidades para novas familias.

Seguindo na mesma liña que anos anteriores de aproveitamento de recursos, agricultura ecolóxica...pretendemos continuar coa formación neste sentido e mostrando as diferentes iniciativas de asociacións e de pequenas empresas que se desenvolven no rural así como a venda directa que esperamos chegue a ser un proxecto de emprendemento.

Pretendeuse e conseguíuse que as persoas non so aprendan a facer unha horta ecolóxica senon que efectivamente a fagan e valoren este tipo de iniciativas como unha experiencia de autoconsumo e ata unha experiencia profesional.

Tras valorar as experiencias anteriores este ano pensamos en continuar formándonos e en visibilizar o traballo realizado. A venda directa de produtos primarios según o *Decreto 125/2014 do 4 de setembro, polo que se regula en*

Concello de Covelo

Galicia a venta directa de productos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final, nos da unha oportunidade de visibilizar o que se fixo ata agora xunto con outras iniciativas de emprendemento , culturais, sociais... . De esta forma, o visibilizar o traballo feito pretendemos impulsar a competitividade e viabilidade do sector primario e alimentario e o desenvolvemento sostible do medio rural ademáis da incentivación da actividade económica e do emprego no medio rural, impulsando o desenvolvemento integral de zonas con risco de despoboamento.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Impulsar a competitividade e viabilidade do sector primario e alimentario
- Favorecer o desenvolvemento sostible do medio rural
- Incentivar a actividade económica e o emprego no medio rural
- Impulsar o desenvolvemento integral de zonas con risco de despoboamento

ACTIVIDADES

Proxecto continuación hortas ecolóxicas do concello de Covelo 2018:

Continuación da formación de hortas ecolóxicas en tres temáticas:
Aproveitamento de plantas autóctonas, cultivos micolóxicos e deshidratación de froitas.

Os días das mostras realizarase un obradoiro-mostra das temáticas desta formación.

Obxectivos :

- Ampliar a formación en aproveitamento dos recursos autóctonos.
- Impulsar o emprendemento

Actividades:

- Curso de Aproveitamento de plantas autóctonas (20h)
- Curso de cultivos micolóxicos (20h)

Concello de Covelo

- Curso de deshidratación de froitas. (20h)

Proxecto Mostra e impulso de iniciativas municipais de Covelo :

Se trata de facer unha mostra de produtos primarios de proximidade e das diferentes iniciativas rurais que se desenvolvan no concello. Haberá obradoiros sobre deshidratación de froitas, aproveitamento de plantas autóctonas e cultivos micolóxicos ,como parte da continuación do proxecto de hortas ecolóxicas e para visibilizar este traballo.

Co fin de promocionar a actividade e de captar xente, farase sesión vermú con animación musical.

Faranse catro mostras os primeiros venres dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para que se poidan mostrar os produtos de temporada. Na primeira xornada procuraremos a participación da comunidade escolar para que coñezan os recursos do seu Concello para o que prepararemos unha unidade didáctica . Implicarase ao movemento asociativo e a outras concellerías como a concellería de turismo para facer un roteiro o día de cada mostra para que as persoas fagan o roteiro e despois participen na mostra.

Obxectivos :

- Visibilizar as iniciativas que se desenvolven no Concello de Covelo.
- Impulsar o emprendemento cos recursos do Concello

Actividades xerais en cada mostra (4 mostras):

- Exposición e mostra das iniciativas
- Participación da comunidade escolar (elaboración dunha unidade didáctica). Primeira mostra.
- Roteiro polas diferentes rutas do Concello (elaboración da programación para promocionar as mostras e o Concello)
- Obradoiro
- Animación musical

PERSOAS DESTINATARIAS

Poboación en xeral

Concello de Covelo

METODOLOXÍA

Empregarase unha metodoloxía activa e participativa na que se implicará a todas as persoas activas no movemento asociativo do Concello, empresa, persoal do Concello de Covelo, comunidade educativa e sanitaria....

Empregaremos unha metodoloxía aberta e flexible, adecuándose as persoas participantes e baseada no autoaprendizaxe e no traballo en equipo. Se trata de crear un clima de colaboración e cooperación cara a construción dunhas mostras prácticas, vistas, visibles e viables. Creemos que é importante conseguir facer unha rede de traballo e que estas actividades sirvan para captar a atención e implicar a poboación.

TEMPORALIZACIÓN:

	maio	xuño	xullo	agosto	setembro
Programación e inscrición na formación e mostra					
Realización da formación					
Mostra1					
Mostra2					
Mostra3					
Mostra4					

** As mostras realizaranse os primeiros venres dos meses de maio, xuño, agosto e setembro.

RECURSOS

RECURSOS MATERIAIS

- Folios
- Bolígrafos
- Folletos Informativos
- Carteis publicidade

Material non Funxible:

- mesas

Concello de Covelo

- sillas
- ordenador
- sonido

RECURSOS HUMANOS

- Educadora Social do Concello de Covelo, coordinadora do proxecto.

ORZAMENTO

Asistencia técnica para proxecto de continuación de hortas ecolóxicas formación en cultivos micolóxicos, deshidratación de froitas e aproveitamento de plantas autóctonas	1520 €
Animación musical	2052 €
Publicidade	580.80 €
TOTAL	4152.8 €

AVALIACIÓN

Farase unha avaliación continuada baseada na observación e no acompañamento durante o proceso.

Na formación entregarase as persoas técnicas e as persoas participantes uns boletíns de seguimento co fin de mellorar o proxecto e nas mostras entregaremos as persoas que estén nos postos outros boletíns nos que pediremos que valoren uns indicadores de seguimento que temos pendente de concretar pero que terán que valorar se se cumpren os obxectivos propostos, ademais de diferentes items que nos axuden a mellorar próximos proxectos.